

Ola familias:

Nestas circunstancias tan excepcionais, as mestras de 2º nivel somos conscientes do esforzo e da responsabilidade que conleva esta delicada situación polo que vos transmitimos todo o noso apoio e o desexo de que superemos esta crise sanitaria e as súas consecuencias o antes posible.

O venres puidemos mandarlle material para estes días. Todo o que fagan na casa, non será avaliabile, pero será fundamental para que non perdan a rutina e facer que a volta sexa máis levadeira.

En principio, pensamos que teñen material dabondo para estes 15 días.

Tarefas para estes días:

- **Área de matemáticas:** Libro de texto (as páxinas marcadas) e fichas de repaso. Repasar todos os días as táboas ata o 5.  
\*A maiores poden facer sumas e restas con levadas e sen levadas. Repasar a numeración ata o 999, facer series contando de 5 en 5, de 10 en 10 cara adiante e cara atrás. Resolver problemas.
- **Área de lingua e lingua:** facer as fichas de repaso que levaron o venres e ler todos os días dúas páxinas do libro de lectura.

Temos que entender, que non están de vacacións, e por iso é importante que adiquen unhas horas ao día o traballo escolar.

Sabemos que para algunhas familias será difícil. Non queremos agobiavos, o que fagades estará máis que ben feito. É por suposto, aproveitade estes días para falar cos vosos fill@s, xogar con eles/as, facer manualidades, cantar, contar contos e historias, facer receitas, realizar tarefas do fogar ....

Deixamosvos algún enlaces de actividades por se algún se aburre!!!!

<https://www.symbaloo.com/mix/ciencias115>

<https://www.rtve.es/infantil/series/educlan-6-8-anos/>

<https://www.cuentosenlanube.com/p/archivo.html?m=1>

[https://www.pequeocio.com/manualidades-infantiles/?fbclid=IwAR0F4J25O8jmCdHnuwifFEvFLPzdv9\\_wtvz-cjwbAnAdZm9EbEczRzB5Y8I](https://www.pequeocio.com/manualidades-infantiles/?fbclid=IwAR0F4J25O8jmCdHnuwifFEvFLPzdv9_wtvz-cjwbAnAdZm9EbEczRzB5Y8I)

As mestras de 2º